

## «Sentirte é, acaso, o mellor lugar parar renderse» de Domingo Tabuyo

6 de maio de 2025



por [Cristina Corral](#)

A primeira vez que lin o *Sentirte* de [Domingo Tabuyo](#), vinme na obriga personal de colega de lle preguntar se estaba triste, el sorriu afectuosamente e despois de me mirar dixo con agarimo, non é tristura é melancolía... entón, relín o poemario e apareceu maxestuoso, ante os meus ollos ese sentimento.

Decía Hipócrates na súa [Teoría sobre os catro humores](#) que *o meláncólico é o máis rico e complexo de todos os temperamentos, adoita a producir tipos analíticos, abnegados, perfeccionistas e de natureza emocional moi sensible (...)* e aí teñen nun tratado médico a descripción perfecta dos versos de Domingo Tabuyo.

### Esculpir as palabras

Neste [Sentirte](#) (Medulia Editorial) hai un sublime traballo de construción e tallado da palabra, un esculpir a morfoloxía para poder crear tamén unha sintaxe sublime do contado. Nada nos poemas de Tabuyo é casual. As frase sinxelas convértense en complexas pola riqueza incomparable da súa esencia, lemos e releemos os versos e non deixamos de atopar matices que á velocidade do raio calan atravesando dermis, epidermis e todo canto poida vir despois ata te envolver nunha sorte de vendaval lingüístico:

*Todos os universos falan sempre de ti... sentir as túas mans é unha arquitectura equilibrada de refuxio... sentirte é o verso máis perfecto... máis alá de ti, o mundo é un baleiro inconsistente...*

Léoa, escriboas e inda así fican en eco nos meus pensamentos estas frases que falan de amor, sempre do amor e da vida, fano do mesmo xeito que ese último grollo de viño que na copa deixa a cor dos recordos cálidos, e na boca o sabor da boa compañía.

Hai un tempo Luis García Montero na súa columna [“Verso Libre”](#) pedíanos que tivéramos [“Cuidado con el día de la poesía”](#), pois como el mesmo afirmaba que *“as elaboracións líricas teñen moito que ver co pudor. Como falar da paixón ou das paixóns sen facer o ridículo?”*. Sen dúbida, ler a Domingo Tabuyo sería un fantástico xeito de facelo.